Simethis planifolia (> S. mattiazzi) (L.) Gren. & Godr., 1855

ouropeso, ouropés, raís de ouro, vertola, velorta, abórtiga, abradias
purga de pobres, palomino
lliri de Kerry, lliri d'Europa
Kerry lily
craveiro do monte



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asparagales**	**Xanthorrhoeaceae**	***Simethis***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte herbáceo. Posúe un rizoma curto, vertical e densamente rodeado de fibras de cor pardo; del parten raíces tuberiformes de 2-7 mm de diámetro. Os talos son escaposos, flexibles, erectos e poden chegar aos 60 cm de altura. O talo non presenta follas no medio do escapo e posúe finas estrias lonxitudinais. As follas son lineais, alongadas e estreitas, con 2-13 nervios paralelos. Inflorescencia en forma de panícula laxa, irregular e ramificada, con ata 40 flores. As flores son hermafroditas, actinomorfas, con 6 tépalos brancos pola cara visible e púrpuras ou rosados no envés. Os estames posúen filamentos densamente laúdos e anteras amarelas. Florece na primavera. O froito aparece nunha cápsula loculicida globosa e trilobada, con normalmente 1 ou 2 sementes por lóculo, de cor escura brillante.

HÁBITAT

Crece en breixeiras, claros de bosque, matogueiras e lugares litorais rochosos; sobre solos silíceos, pobres, secos e oligotróficos. Pode atoparse dende o nivel do mar ata ambientes de alta montaña segundo a rexión.

DISTRIBUCIÓN

Europa atlántica e occidental mediterránea: Irlanda suroccidental, Francia occidental, España, Portugal, Italia occidental e noroeste de África.

CURIOSIDADES

As súas raíces, secas e cocidas, empregáronse como purgante de uso histórico, de aí o seu nome en castelán "purga de pobres".